

# COWSPIRACY



## DE QUE TRATA?


Este documental do 2014 dirixido por Kip Andersen e Keegan Kuhn explora o impacto do sector gandeiro no medio ambiente e investiga a política de diferentes organizacións ambientais co obxectivo de coñecer os datos destas organizacións ao respecto e a súa posición acerca da contaminación que a gandería supón.

### KIP ANDERSEN



Kip Andersen é o director, produtor, guionista e protagonista deste documental. É un cineasta, produtor, escritor, empresario estadounidense recoñecido polos seus documentais como *Cowspiracy* ou *Seaspiracy* entre outros.

### KEEGAN KUNH




Keegan Kuhn é director e produtor deste documental. É un documentalista, director, produtor e músico profesional estadounidense recoñecido polos seus documentais como *Cowspiracy* ou *What the Health* entre outros.



## O IMPACTO DA GANDERÍA

A industria cárnica e láctea produce máis gases de efecto invernadoiro que todo o sector de transporte. O metano producido por esta industria é 86 veces máis destructivo que o CO2 dos vehículos. Esta industria produce o 51% de gases de efecto invernadoiro fronte ao transporte que representa o 13%.

A media de consumo de auga dun estadounidense por día é de 1500 galóns (5678,118 l) por día. Destes a metade provén só da carne e lacteos que consume pola súa produción.



O uso da auga dos seres humanos na súa totalidade é: un 5% o uso doméstico e un 55% de gandaría.

A auga empregada para manter aos animais ocupa un 45% da terra e é o principal causante da deforestación da Amazonía brasileira xa que causa zonas mortas no mar, destrución dos hábitats e extinción de especies.

A cada segundo, un equivalente a un campo de fútbol americano (400m<sup>2</sup>) son estragados para o cultivo do gando.

O gando produce 130 veces máis refúgialos que os humanos. Estes residuos son vertidos aos mares sen ningún tipo de proceso sobre eles de forma que resultan moi nocivos sobre todo pola inmensa cantidade deles.



**GANDERÍA**  
É a maior fonte de degradación medioambiental e de esgotamentos de produtos.



A produción dunha hamburguesa precisa a mesma auga que se utiliza en 2 meses de duchas promedias, que son sobre 660 galóns de auga (2498,37l)



# Cowspiracy: O Segredo da Sostenibilidade

## COWSPIRACY

A pesca insostible é outro notable problema xa que se basea no uso de redes xigantes onde por cada 1kg de peixe comestible que se pesca quedan 5kg de peixes de no consumo que morren inutilmente por estas grandes redes.



Tamén outras industrias como a do aceite de palma é moi daniña para a selva e desta forma para a atmosfera e para a biodiversidade.


Fronte a todos estes datos de como de nocivo é o sector cárnico e cómo sería moito mellor para todos ter unha dieta vegana, o goberno e as grandes organizacións medioambeintais non tratan o tema e intentan evitalo polo impacto na sociedade e na economía que estas industrias teñen e polo medo a que mensaxes coma a deste documental saian á luz.



Fotografía de Dorothy Stang en 2005

Un exemplo emblemático de activista que morreu por culpa de estos ataques é Sister Dorothy Stang. Esta era unha muller de avanzada idade que loitaba polos dereitos humanos. Nunha ocasión estíbese manifestando en contra dos ranchos gandeiros cando un día ao acudir a unha conferencia foi atacada e disparada por dous homes causándolle a morte.

Como ela xurdiron moitos outros casos de ecoloxistas silenciados polas empresas dominantes.



As organizacións de medioambiente non falan deste problema porque son empresas apoiadas por un grupo que se encarga de toda a industria cárnica.



A alarmante cifra de 1100 activistas mortos en Brasil nos últimos 20 anos bota para atrás aos activistas de hoxe en día polo medo ao que as grandes potencias poidan facer.

Debido a isto, Kip Andersen, tras consultar a opinión de varios ecoloxistas, reflexa a súa preocupación pola publicación do seu documental no que pon en dubida, non só á sociedade e ao goberno, se non tamén a grandes empresas ecoloxistas desta forma intentan indagar e desmentir estas organizacións.